








# ¡Asústate, Merche!

Fina Casalderrey

XERAIS





## FICHA TÉCNICA

Título: *¡Asústate, Merche!*  
Autor: Fina Casalderrey  
Editorial: Edicións Xerais de Galicia  
Colección: Fóra de Xogo  
Nº páxinas: 216  
ISBN: 84-7507-843-5



## A AUTORA

2

### FINA CASALDERREY

Nace en Xeve (Pontevedra) a principios da década dos cincuenta.

É profesora e traballou en primaria e secundaria.


Realizou unha publicación na cal recolle o seu traballo na escola en relación ao teatro: *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*.

É coautora, con Mariano García, de *O libro da empanada* e *Festas gastronómicas de Galicia*.

Prolífica escritora de literatura infantil e xuvenil, acadou o premio Merlín 1991 con *Dúas bágoas por Máquina*, o Premio Edebé 1995 con *O estanque dos parrulos pobres* e o Premio Barco de Vapor e Nacional de Literatura Infantil con *O misterio dos fillos de Lúa*. Dentro do campo da narrativa xuvenil publicou *Mutacións xenéticas*, *Lúas de nácara* e obtivo o Premio Cidade de Pontevedra pola totalidade da súa obra.

Outras obras súas son *Chamizo*, *Cando a Terra perdeu a memoria*, *Eu son eu*, *A derradeira carta aos Reis Magos*, *¡Prohibido casar, papá!*, *¿Sobrevives?*, *¡Puag, que noxo!*, *Podesvir*, *Unha raíña negra*, *Nolo e os ladróns de leña*, *As de mosca para Anxo*, *Pimpín e Dona Gata...*





## O LIBRO

Unha rapaza de quince anos comparte os seus problemas cunha amiga imaxinaria, Merche, á cal se dirixe no diario que vai escribindo.

Filla de nai solteira, sente medo ante a posibilidade de namorarse por temer, aínda que sexa de maneira inconsciente, que poida pasarlle o mesmo que a súa nai. Unha viaxe a Europa cun grupo de mozos e mozas da súa idade será a ocasión para facer amigos e descubrir o amor.

Un malentendido crearalle moito sufrimento e fará que pense no suicidio como única saída á súa situación, pero finalmente todo se aclara e non haberá razóns para máis dor.


Novela de xuventude, de emocións e opinións, de compartir viaxes e amizade.

Diario adolescente.



## TEMAS E VALORES

- O descubrimento do amor.
- Vivir a adolescencia coa ausencia dun pai.
- Viaxes. Peregrinacións.
- Minusvalías e diferenzas: parapléxico, xordo, síndrome de Down, tatecos... presenza na novela.
- Educación para a igualdade: opinións sobre os homes e as mulleres.
- Enfermidade e morte. Demencia senil.
- O suicidio.



## ACTIVIDADES

### ANTES DA LECTURA:

- Realicemos unha posta en común para falar arredor do libro: de que tratará, que pode querer dicir o título... Observemos a fotografía da portada e sigamos a inventar unha historia para esta capa. Leamos a contraportada e vaíamos adiantando o tema.
- Recoñezamos á autora: que nos acheguen información aqueles que lesen algunha das súas obras ou participasen nun encontro coa autora. Buscamos outros libros seus na biblioteca e realizamos unha busca por internet para recoller algunha outra información sobre Fina Casalderrey.
- Lemos a dedicatoria e os agradecementos. Imaxinamos quen pode ser a xente que aparece citada. Falamos sobre como crean os autores e autoras as súas obras, como buscan os escenarios onde situálas... Pensamos noutras dedicatorias ou agradecementos que nos chamasen a atención e creamos aqueles que se nos ocorren a nós e poderíamos utilizar no caso de escribir un libro.

### AO LONGO DA LECTURA:

4

- Conforme imos lendo os capítulos podemos poñerlles o título que nos pareza axeitado. Tamén podemos titular cada unha das partes do libro que engloba varios capítulos.
- Contámonos os uns aos outros un resumo de cada capítulo. Podemos facelo en parella, de forma que un vai falando e o outro complétao co que lle falta.
- Imos analizando os personaxes: tomamos notas das súas características para poder elaborar unha descrición e, posteriormente, defender aqueles que elixamos diante dos compañeiros e compañeiras.
- Situamos a historia nas coordenadas xeográficas e temporais. Nestas últimas atopáremonos con dous tempos diferentes que terán un significado moi especial dentro da historia. Podemos situar sobre o mapa cada un dos lugares polos que pasan na viaxe, así como algún dato sobre cada unha desas cidades.
- Observemos cal é a persoa do narrador e se hai máis de un. Daquela veremos de onde sae o título e poderemos reflexionar sobre o difícil que é falar cunha mesma e como facilita esta labor o feito de dirixirse a outra persoa.
- O diario é un tipo de texto especial, unha maneira de reflexionar sobre o noso presente... Falemos do diario, de se o escribimos algunha vez e do que nos supuxo facelo. Lembremos diarios famosos como o de Ana Frank e todos aqueles que se vos ocorran.
- Ser filla de nai solteira é algo que marca á protagonista. Vexamos, entre todos e todas, de que maneira.
- Salvador é o profesor de relixión e parece alguén especial, capaz de irse por Europa adiante durante vinte e dous días cunha panda de adolescentes. Cada un de nós escri-

birá sobre aqueles profesores e profesoras que nos pareceron interesantes, que nos marcaron ou que supuxeron algo especial na nosa educación.


- Centrémonos nas viaxes, nas escolares e noutras que teñamos realizado. Narremos aquela que nos gustase máis.
- A Auria pareceulle unha babecada o regalo do diario cando o recibiu pero, máis tarde, chegou a atoparlle o seu sentido. Vexamos que regalos lembramos pasado o tempo.
- Os amigos ou as amigas secretas: xogastes a iso algunha vez? Como foi?
- Vaíamos tomando nota dos lugares que aparecen no texto. Situémolos nun mapa.
- Nas páxinas 49 e 50 aparece unha conversa telefónica na que falta unha das voces. Escribámola.
- Contestemos: Por que Auria se empeña en dicir que non quere saber nada de mozos? Que ideas ten ela acerca do outro sexo? Cales son as vosas? Este pode ser un bo momento para organizar un debate en torno a isto.
- Nalgún momento Salva di «As e os que...» facendo visible na linguaxe tamén ás mulleres. Reflexionemos acerca de como, falando, podemos facer invisible unha parte da humanidade e a maneira de cambiar esta situación.
- Observemos como de vez en cando van aparecendo as marcas dos produtos como Trident ou Pegaso. Busquemos máis e falemos do protagonismo que as marcas comerciais teñen na sociedade.
- No autobús poñen *Pretty woman*. Aqueles e aquelas que a visen poden comentala, ver a relación co conto de *Cincenta* e opinar cos demais acerca da relación que pode ter coa realidade.
- Busquemos frases feitas como «A escacha pexegueiro» e expliquemos o seu significado.
- Fina Casalderrey é unha autora que se caracteriza por levar humor ás súas obras. Busca algún detalle no que recoñezas esta faceta.
- A nai de Auria é solteira pero ten unha filla. Este feito sitúaa nun campo no que nin é solteira, nin casada, nin viúva, unha especie de viúva de vivo como aquelas das que falara Rosalía de Castro. Busquémolas na súa obra.
- Asústate!, repite continuamente Auria, como un retrouso. Pensade cales son os que usades vós.
- A amiga de Auria, Frida, ten un irmán que padece síndrome de Down. Observemos como se trata este personaxe dentro da obra e as reflexións que nos achega ao respecto. Acheguemos nós algunha máis.
- Localicemos algún recurso didáctico como a comparación de «A conversa foise apagando coma unha vela».
- Necesitamos tradutores; que alguén se anime a verter ao galego as frases en francés da páxina 77, e as que se localicen en inglés.
- Analicemos as relacións entre as tres xeracións: avós, nai e filla (Auria), e tamén a diferenza entre o avó e a avoa. Observemos os sacrificios que supuxo para todos eles o feito de nacer Auria sen pai, e tamén as decisións que vai tomando a nai coa morte da cada un dos seus pais.

- «A min o de esperar de escaparte non me vai», di Frida respecto a tomar a iniciativa cun rapaz. Falemos acerca diso, de se seguen a tomar a dianteira os rapaces ou non.
  - Mentres dura a viaxe, pola noite, mulleres e homes vanse facendo confidencias nas propias tendas. Son noites de «chacharela». De onde virá esa palabra e por que se utilizará aquí?
  - A confusión que se produce en relación a Alberte, a quen todos consideran inadaptable e desconfían que teña algunha adicción cando o que lle sucede é que é xordo. Isto pódenos facer pensar sobre os xuízos apresurados que facemos sen coñecer toda a verdade, e tamén a analizar as minusvalías e a necesidade de asumilas, pois todos estamos en disposición de telas.
  - Nun momento determinado, dise algo así como «Complexos? Xa nin sequera no carné de identidade hai que poñer casada ou solteira». Falemos dos cambios que se produciron, dos avances sociais en canto ao recoñecemento dunha serie de dereitos coma o das familias monoparentais ou de pais homosexuais.
  - Na páxina 86 fálase da teoría da liberación ou teoloxía da liberación?
  - O pai de Paio acusa á nai de feminista e consentidora co fillo. Estariades de acordo con esa opinión? Argumentade a resposta.
  - En relación ás manifestacións da Igrexa: divorcio non, anticonceptivos non, aborto tampouco, cal é a idea que teñen as mulleres máis avanzadas coma Frida? Cal é vosa opinión ao respecto? Analizade as últimas declaracións do Vaticano.
  - Podemos repasar a discusión que aparece reflectida na páxina noventa e catro sobre o aborto e realizar un debate en torno a este tema. Lembraide que para que este teña unha certa riqueza é necesario que vos documentedes antes.
- 6**
- Fálase da mili, do servizo militar... algo xa pasado pero que deberiades intentar entender falando cos irmáns máis vellos, pais e avós, para ver como foi evolucionando ese tema en pouco tempo.
  - «Auria e Paio chocan as miradas e como paxaros asustados erguen o voo de súpeto». Lémbraunos algo este tipo de reacción? Que pensamos sobre esa primeira linguaxe de miradas que será o primeiro paso para unha relación? Pode ser o momento axeitado para que, se non o fixemos, escribamos no noso diario como foron aqueles primeiros achegamentos no noso caso.
  - «É máis pesado que un quilo de merda nunha pestana.» Unha maneira drástica de describir a alguén. Continuemos apuntando esas ocorrencias que entre todos lembraremos.
  - Para Auria os homes eran lobos con pel de año, seres enganosos... Por que alguén pode ou podía pensar algo así deles?
  - Seguramente sorrises cando atopaches frases como esta: «Non me gustan esas cortinas dobres tan aparatosas que para saír á ventá parece que entras no escenario dun teatro». Comparte cos demais aqueloutras das que te acordes.
  - No libro atopámonos coa SIDA como preocupación. Estaría ben que un equipo se documentase sobre esta enfermidade e llo explicase aos demais.
  - Se repasamos as páxinas 184 e 185 poderemos lembrar a opinión de Auria sobre os valores e consellos que recibiu dos adultos, e amosar o noso acordo ou desacordo.

- Auria séntese moi mal durante todo ese tempo no que pensa que Paio é seu irmán. Se falase e se enfrontase á realidade ante a primeira evidencia non tería sufrido. Non obstante non foi así. Moitas veces non o é; de feito, a maioría dos melodramas baséanse nese tipo de malentendidos e, se nos poñemos a pensar, veremos que tamén nós tivemos ese tipo de reacción algunha vez.
- Escribe un relato que comece cunha frase do texto: «Caeu nun pozo de desesperanza».
- A enfermidade da nai e a morte da avoa son dous duros golpes para unha rapaza que non ten irmáns ou pai con quen compartilos. Falemos sobre a diferenza entre ser fillo único ou ter varios irmáns. Vantaxes e desvantaxes duns e outros.
- Analicemos as diferentes opinións que sobre o amor teñen Auria e Frida, e acheguemos tamén a nosa maneira de pensar ao respecto.
- Hai un momento da novela no que aparece citado o Opus. Esta pode ser unha boa ocasión para informarnos sobre esta organización.
- Problemáticas coma o timo ou o tráfico de drogas tamén aparecen reflectidas. Isto daranos pé para contar aqueles timos dos que somos coñecedores e tamén falar do narcotráfico.
- Paio escíbelle un poema de amor polo aniversario. Nós poderíamos poñernos á obra de escribir algunha poesía deste tipo. Logo veremos a que concurso presentar as mellores.
- A novela recolle moitas opinións dos mozos e mozas en relación aos temas que lles interesan, coma os touros, a pena de morte... Sobre todos e cada un deles, destes e outros, deberíades debater, porque escoitando as opinións dos demais tamén aprendemos, e non pouco.
- O intento de suicidio da protagonista, ese momento no que non ve outra saída, tamén nos debe facer pensar. Fagámolo. Reflexionemos sobre eses tempos escuros dos cales parece que non imos poder saír, cando a porta está sempre preto e en todo caso só habrá que esperar a que o tempo nos achegue unha nova visión.

#### DESPOIS DA LECTURA:

- Podemos continuar a novela uns anos despois do momento en que nos deixa Auria.
- Achegaremos a nosa opinión da novela. Aquel ou aquela a quen máis lle gustase escribirá unha recomendación para colocar no taboleiro da biblioteca ou na revista escolar.
- Podemos escribirlle á autora comentándolle aquilo que máis nos gustou da novela.
- Buscamos todos os libros que hai na biblioteca desta autora, expoñerémolos e leremos aqueles que esperten o noso interese. Posteriormente podemos presentarllos aos demais.
- Falemos doutras novelas que lésemos con anterioridade con protagonistas adolescentes.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono de Bergondo  
1ª Travesía - Parcela B1  
15.165 Bergondo (A Coruña)  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

**XERAIS**

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: [xerais@xerais.es](mailto:xerais@xerais.es)  
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005  
Depósito legal: VG. 405-2005